



CONCELLO DE MONTERROSO



## BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE COIDADORES DE VIVENDA COMUNITARIA DA TERCEIRA IDADE DEPENDENTE DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONTERROSO E ELABORACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

A presente convocatoria efectúase para cubrir as prazas necesarias (4) para abrir o servizo de Vivenda Comunitaria da Terceira Idade do Concello de Monterroso. O número de efectivos final dependerá e poderá ser modificado en función do número de usuarios existentes en cada momento, así como pola necesidade de atender o servizo 24 horas.

O contrato será de duración determinada a tempo completo e cun réxime de traballo a turnos.

A retribución anual bruta inicial, é de 11.027,52 €. As demais que poda fixar a propia corporación a través dos presupostos municipais.

### 2.- FUNCÍONS.-

Terá a título enunciativo, as seguintes:

Relacionadas cos usuarios da vivenda:

- Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida dos usuarios das vivendas que o precisen, tales como:
- Apoio na hixiene persoal, ou para vestirse.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Supervisión das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativos.
- Lavado e coidado de prendas de vestir dos usuarios das vivendas.
- Acompañamento fóra das vivendas para acudir a consultas ou tratamentos.
- Curas menores.
- Acompañamento, segundo as necesidades dos usuarios da vivenda comunitaria.

Relacionadas coa vivenda:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade das vivenda.
- Preparación das comidas de todo o día.
- Lavado e coidado da roupa da vivenda: manteis, sabas, mantas, etc.

- Coidados básico da vivenda

- Mantemento habitual e ordinario do edificio e instalacións, contido, da vivenda comunitaria.

E aquelas que lle sexan encomendadas pola alcaldía, neste marco xeral, respectando a súa categoría profesional, para unha máis organizada e eficiente desenvolvemento das tarefas do equipamento de vivenda comunitaria e, mesmo, do servizo de axuda no fogar.

3.- REQUISITOS.- Poderán optar a estas prazas os que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos.
- c) Estar en posesión da titulación esixida, sen que sexa requirido a presentación dunha titulación concreta de acordo co precisado na disposición adicional sétima do EBEP, isto é, trátase dunha agrupación profesional sen titulación específica. Os aspirantes deben estar en posesión dun curso homologado de SAF ou de Auxiliar de Enfermería
- d) Posuir o carné de manipulador de alimentos.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- f) Non ser separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- g) Non atoparse incurso nalgún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade establecidas na lexislación vixente.
- h) Aceptar as bases da convocatoria e comprometerse a desenvolver a función e tarefas propias do posto de traballo.
- i) Os requisitos mencionados deberán posuírse polo menos o día en que finalice o prazo de presentación de instancias.

4.- SOLICITUDES.- As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo oficial que figura no ANEXO I desta convocatoria e que será facilitado ós interesados nas oficinas xerais do concello, así como na páxina [www.monterroso.es](http://www.monterroso.es) e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación, presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Monterroso, de 9 a 14 horas, no prazo de SEIS DÍAS NATURAIS dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín oficial da provincia de Lugo. Nas devanditas solicitudes, farase constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos antes enumerados, acompañarase:

- Identificación persoal, domicilio e teléfono.
- Declaración de non atoparse incurso en causa de incapacidade e incompatibilidade.
- Declaración de aceptación das bases e desenvolvemento das funcións.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia títulos académicos (cotexado)



CONCELLO DE MONTERROSO



No caso de presentación de instancias a través de rexistro público oficial distinto do Rexistro Xeral do Concello de Monterroso haberá de comunicarse a participación no presente concurso a través do fax Nº 982-377617.

5. ANUNCIO CONVOCATORIA.- Publicaranse anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.-. MÉRITOS.- Valoraranse conforme aos seguintes criterios:

6.1.- Experiencia profesional, ata un máximo de 4,00 puntos, acreditada cos contratos de traballo ou certificados das empresas xunto co informe de vida laboral, segundo os seguintes parámetros:

a) Experiencia profesional por servizos prestados en funcións semellantes ás establecidas para esta praza/posto de "Coidador/a de vivenda comunitaria", en calquera das administracións públicas (funcións relacionadas na base 2ª precedente), a razón de 0,15 puntos por mes efectivamente traballado.

b) Experiencia profesional por servizos prestados en funcións semellantes ás establecidas para esta praza/posto de "Coidador/a de vivenda comunitaria" no sector privado (funcións relacionadas na base 2ª precedente), a razón de 0,050 puntos por mes efectivamente traballado.

c) Experiencia profesional desenvolvendo outras tarefas profesionais no sector público, en funcións distintas ás sinaladas para esta praza/posto, a razón de 0.030 puntos por mes efectivamente traballado.

Disposición Interpretativa: Non se prorratearán os periodos de tempo inferiores a un mes.

A puntuación máxima que se atribuirá a cada aspirante neste apartado de experiencia profesional é de 4,00 puntos.

6.2.- Formación profesional, por realización de cursos ou accións formativas en xeral que garden relación coas funcións da praza e posto de traballo impartidos ou organizados por centros, organismos ou institucións de carácter público, ata un máximo de 4,00 puntos, de acordo co seguinte esquema:

- 0,10 puntos por curso de ata 10 horas ou que non especifiquen número de horas.
- 0.20 puntos por curso de 11 a 30 horas.
- 0,30 puntos por curso de 30 a 50 horas.
- 0,40 puntos por cursos de máis de 50 horas.

Non se avaliarán as actividades formativas ou cursos que non especifiquen o número de horas; no caso de que atribúan créditos universitarios, deberán achegar a equivalencia en número de horas.

Non se tomarán en consideración os cursos ou actividades formativas inferiores a 8,00 horas de duración

6.3.- Entrevista curricular, cunha puntuación máxima de 6,00 puntos, que terá por obxecto coñecer a adaptación do perfil personal a cada posto de traballo, de xeito que as cuestións ou preguntas da entrevista versarán sobre temas relacionados coas funcións do posto de traballo a desempeñar, os méritos e a experiencia acreditada

6.3.- Soamente serán obxecto de valoración os méritos dos que se presenten documentos xustificativos (orixinais ou fotocopias cotexadas) e que os acrediten debidamente, dentro do prazo de presentación de instancias da praza á que opta.

7.- COMISIÓN DE SELECCIÓN. - A Comisión de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por **5 membros**, designados mediante Decreto de Alcaldía.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

A Comisión de selección deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros e sempre a do Presidente e o Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Os acordos serán adoptados por maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do/a Presidente/a.

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concurra neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concurra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992.

Para os efectos de asistencia, os compoñentes da comisión seleccionadora que actúen nestas probas terán a categoría 3 de conformidade co que dispón o artigo 30 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e serán retribuídos segundo establece o dito R.D.

## 8.- PROCESO SELECTIVO.-



CONCELLO DE MONTERROSO



1. Finalizado o período de presentación de instancias, a alcaldía ditará resolución coa aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos/as e no seu caso, excluídos/as, con indicación da causa da exclusión e o prazo de subsanación dos erros subsanables.

2. Transcorrido O devandito prazo, as reclamacións, se as houberse, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución de alcaldía, a cal conterá a lista definitiva de admitidos/as, lugar, data e hora en que se realizará a valoración de méritos e entrevista curricular.

3. No entanto, se en calquera momento posterior á aprobación das listas definitivas, ou ata durante a celebración das probas, advertísease nas solicitudes dos aspirantes inexactitude ou falsidade que fose causa de expulsión, esta considerárase defecto insubsanable e resolverase a exclusión definitiva do proceso selectivo.

4. O resultado da valoración, por orde de puntuación, publicarase no Tablón de Edictos Municipal.

9.- CONTRATACIÓN E LISTA DE RESERVA.- O Tribunal propoñerá á Alcaldía a contratación das persoas que obteñan maior puntuación.

O aspirante seleccionado presentará no prazo de 3 días, a contar do seguinte publicación do resultado da selección, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.

Unha vez aportados ditos documentos, a contratación efectuarase no momento de inicio das actividades da Vivenda Comunitaria.

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para a súa contratación, elaborárase unha lista reserva, por orde decrecente de puntuación, os cales poderán ser chamados para futuras contratacións, derivadas de baixas, substitucións, etc.

Se un aspirante renuncia á contratación será borrado da lista. Se presenta a súa renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o último lugar da lista.

Os aspirantes que estiveran contratados, unha vez rematado o período de contratación, volverán a ocupar o lugar que tiñan na lista por orde de puntuación.

10.- CLÁUSULA ADICIONAL.-

O Concello resérvase a posibilidade de resolver aquelas dúbidas que puidesen xurdir, no desenvolvemento desta convocatoria.

#### 11.- CLÁUSULA FINAL.- RECURSOS

As presentes Bases e cantos actos deriven da mesma impugnaranse cos medios e forma previstos na vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Monterroso, 26 de maio de 2014

